



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2023

EDICTO

Aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2023

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 27 de xullo de 2023, aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2023, substituíndo os obxectos previstos para as entidades que seguen, que quedará redactado de acordo co seguinte:

Entidade	Proxecto	Contía outorgada
Club Universitario Ferrol G15659261	Participación na Liga Feminina Challenge e na Copa Galicia nas competicións oficiais das federacións galega e española de baloncesto	100.000,00
Club Basketmi Ferrol G1522221	Gastos derivados da participación do seu equipo na división de baloncesto en cadeira de rodas	45.000,00
Club Praia De Pantín G70177910	Campionato do Mundo da World Surf League (WSL) "Pantin Classic Galicia Pro"	28.500,00
Club Baloncesto Costa Ártabra G15628894	Gastos derivados da participación do seu equipo senior na Primeira División Galega	20.000,00
Club Deportivo Esquío G15238678	Torneo de Primavera de Ximnasia Rítmica Cidade de Ferrol, Master Class de "danza e expresión artística" e "Master Class de "danzas urbanas"	5.500,00

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo inicial, publicado no BOP nº 162 do venres, 25 de agosto de 2023, e de acordo co certificado do Rexistro de data 20/09/2023, non consta expresamente que tivera entrada ningunha alegación en relación coa dita aprobación, elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo

Ferrol, 26 de setembro de 2023

A Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, RRHH e Estatística

Susana María Sanjurjo Fraga

2023/7667